



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 25 DE MAIO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 10:20 horas do día 25 de maio de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 23-05-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais:

Dna. Susana García Alvarez
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez. (asiste a todos os puntos excepto ao 8 a)
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Alberto Escariz Couso (asiste ao apartado 8 a).
Dna María José Loureiro (asiste aos apartados 2 b), 3 b), 4 b) 5 b) e 6 b)) .
Dna. María Gómez Janeiro (asiste ao apartado 4 c), 5 c)).
Dna Cristina Gomez García (asiste ao apartado 4 a), 5 a) e 6 a))
Dna. Carmen Pintado (asiste ao apartado 8 a)).
D. José Angel Otero Lamas (asiste ao apartado 2 a) e 3 a))

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén.

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión de 04-05-2016.

Non se tratou este asunto porque non foron entregadas as actas.

b) Acta da sesión de 11-05-2016

Non se tratou este asunto porque non foron entregadas as actas.

c) Acta da sesión de 18-05-2016

Non se tratou este asunto porque non foron entregadas as actas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:38	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAA4C-EEB12E-DHD9BF-4Y78J1-74BZNQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

d) Acta da sesión de 20-05-2016

Non se tratou este asunto porque non foron entregadas as actas

2.- Apertura de documentación administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de de mantemento e reparación dos campos de fútbol municipais de Comesaña e Meixueiro.(expediente 14667-333).

Comprobouse en primeiro lugar que Construcciones Lemos Martínez, S.L: declarou a solvencia técnica e Montajes Iglesias, S.L., declarou qa solvencia técnica e o obxecto social da empresa, polo que a mesa por unanimidade admite inicialmente no presente procedemento aos licitadores por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma:

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial da escola infantil municipal Santa Marta-Casco Vello. (expediente 17500-332).

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación persoal, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda:

1º Admitir inicialmente no presente procedemento aos licitadores relacionados a continuación por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma:

1. COLEGIO LOS MILAGROS SL
2. ARASTI BARCA M.A.,S L

2 º Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para completar a súa declaración xurada nos aspectos que se relacionan a continuación:

- 1.AURORA, PILAR Y ANA S L: Terá que declarar a solvencia económica financeira e técnica
- 2.UTE GESTION ESCUELAS INFANTILES MUNICIPALES Terá que declarar a solvencia técnica
- 3.CLECE S A : Terá que declarar a solvencia económica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:38	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAA4C-EEB12E-DHD9BF-4Y78J1-74BZNQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

4.ANA NAYA GARCIA S L: Terá que declarar a solvencia económica financeira e técnica

c) Procedemento negociado sen publicidade aberto para a contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de recadación e contabilidade.(expediente 7694-113).

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación persoal, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda outorgar un prazo de tres días a T Systems S.A. Para que acredite a propiedade do código fonte das aplicacións que dan soporte a contabilidade SICAL e recadación (Gtwin).

d) Procedemento negociado sen publicidade aberto para a contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de estatística.(expediente 7695-113).

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación persoal, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda outorgar un prazo de tres días a T Systems S.A. Para que acredite a propiedade do código fonte das aplicacións que dan soporte ao Padrón Municipal de Habitantes (Gtwin-Pob).

3.- Apertura de documentación técnica

a)Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de de mantemento e reparación dos campos de fútbol municipais de Comesaña e Meixueiro.(expediente 14667-333).

En acto público abriuse o sobre B “Documentación técnica” das ofertas presentadas.

Asistiron ao acto de apertura:

María Caride Rial en nome de Copcisa.

Manuel Alonso Porto en nome da Federación Galega da Construcción.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:38	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAA4C-EEB12E-DHD9BF-4Y78J1-74BZNQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

As ofertas admitidas pasan a informe do xervizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial da escola infantil municipal Santa Marta-Casco Vello. (expediente 17500-332).

Non se tratou este asunto xa que se lle requeriu documentación adicional a algún licitador presentado.

c) Procedemento negociado sen publicidade aberto para a contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de recadación e contabilidade.(expediente 7694-113).

Non se tratou este asunto xa que se lle requeriu documentación adicional a algún licitador presentado.

d) Procedemento negociado sen publicidade aberto para a contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de estatística.(expediente 7695-113).

Non se tratou este asunto xa que se lle requeriu documentación adicional a algún licitador presentado.

4.-Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de atención domiciliaria a infancia. (expediente 6749-224).

Faise entrega do informe emitido pola xefa do servizo de Igualdade de 23-05-2016 de valoración de criterios valorables mediante formula e clasificación de ofertas.

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de gas natural para as instalacións dos colexios, escolas infantís e dependencias do concello de Vigo. (expediente 17125-332).

Faise entrega do informe emitido polo xefe de area de Servizos Xerais de 19-05-2016 de valoración de criterios valorables mediante formula e clasificación de ofertas.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de promoción e divulgación dos xacementos arqueolóxicos de o Castro e Toralla.. (expediente 7845-307).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:38	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAA4C-EEB12E-DHD9BF-4Y78J1-74BZNQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Faise entrega do informe emitido pola xefa do servizo de Patrimonio Histórico de 23-05-2016 de valoración de criterios valorables mediante xuízo de valor.

5-Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de atención domiciliaria a infancia. (expediente 6749-224).

Acéptase o informe emitido pola xefa do servizo de Igualdade de 23-05-2016 de valoración de criterios valorables mediante formula e clasificación de ofertas.

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de gas natural para as instalacións dos colexios, escolas infantís e dependencias do concello de Vigo. (expediente 17125-332).

Trálas observacións efectuadas pola mesa ao informe entregado, o xefe de Area de Fomento modifica o mesmo. A mesa por unanimidade acepta o novo informe emitido polo xefe de area de Servizos Xerais con data 25-05-2016 de valoración de criterios valorables mediante formula e clasificación de ofertas.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de promoción e divulgación dos xacementos arqueolóxicos de o Castro e Toralla.. (expediente 7845-307).

Acéptase o informe emitido pola xefa do servizo de Patrimonio Histórico de 23-05-2016 de valoración de criterios valorables mediante xuízo de valor.

6.- Propostas de clasificación.

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de atención domiciliaria a infancia. (expediente 6749-224).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:38	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAA4C-EEB12E-DHD9BF-4Y78J1-74BZNQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“ Primeiro: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación do servizo de atención domiciliar a infancia. (expediente 6749-224)..” no seguinte orde decrecente:

Mulleres Progresistas de Vigo 90 puntos.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Mulleres Progresistas de Vigo para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 643,36 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de gas natural para as instalacións dos colexios, escolas infantís e dependencias do concello de Vigo. (expediente 17125-332).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“ Primeiro: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación da subministración de gas natural para as instalacións dos colexios, escolas infantís e dependencias do concello de Vigo. (expediente 17125-332)” no seguinte orde decrecente:

EMPRESAS	PUNTUACIÓN
Gas Natural Comercializadora, S.A.	99,96
Endesa Energía, S.A.U.	81,2

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Gas Natural Comercializadora, S.A. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:38	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAA4C-EEB12E-DHD9BF-4Y78J1-74BZNQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 692,84 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

7.- Incidencias.

a) Procedemento aberto para a contratación do renting de vehículos para a Policía Local (expediente 43577-212). Informe sobre a xustificación da oferta que contiña valores anormais ou desproporcionados.

A mesa de contratación, a vista do informe emitido polo xefe de Area de Seguridade e Mobilidade de 06-05-2016 acorda propoñer a Xunta de Goberno que considere como oferta con valores anormais ou desproporcionados a oferta presentada por Autos Iglesias S.l. ao procedemento aberto para a contratación do renting de vehículos para a Policía Local (expediente 43577-212).

8.- Propostas de adxudicación.

a) Procedemento aberto para a contratación da concesión do servizo de aparcamento baixo a praza de Portugal (exped 429-449).

Deixase pendiente este asunto ata que non se resolvan polo órgano de contratacións, as alegacións presentadas por un dos licitadores.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 11:45 horas. De todo elo eu secretario dou fe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:38	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAA4C-EEB12E-DHD9BF-4Y78J1-74BZNQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

D. José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:38	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAA4C-EEB12E-DHD9BF-4Y78J1-74BZNQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		